

ACORDOS DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS DO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2021

Héctor Rodríguez Martínez, coordinador do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocenos da Universidade de Santiago de Compostela,

INFORMO que a Comisión Académica do Máster, na súa reunión ordinaria do día 11 de febreiro de 2021, chegou ós seguintes acordos:

- Aprobación da acta da reunión da Comisión de data 20-1-2021.
- Ratificación da aprobación, efectuada anteriormente polo procedemento de urxencia, do cambio de título do TFM de un alumno.
- Ratificación de aprobación, efectuada anteriormente polo procedemento de urxencia, da proposta de TFM de unha alumna.
- Ratificación de aprobación, efectuada anteriormente polo procedemento de urxencia, de cambios no horario do módulo 4 do curso 2020-2021.
- Recoñecemento da materia Prácticas en Empresa por experiencia profesional para unha alumna.
- Aprobación dos tribunais avaliadores de TFM na convocatoria de febreiro de 2021, acordando asemade que os titores académicos suban directamente á secretaría virtual o documento de avaliación conforme a rúbrica de TFM, incluíndo a cualificación outorgada. Os titores de empresa utilizarán igualmente o correspondente documento de avaliación conforme a rúbrica de TFM, pero no seu caso remitirano á secretaría administrativa da ETSE, que despois lle dará traslado ó presidente do tribunal. Adicionalmente, acórdase que se seguirá a Instrución 3/2020 da Secretaría Xeral sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-2020 para definir todos os aspectos relativos a presentación, defensa e revisión.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Héctor Rodríguez Martínez